

**RESUMO DO
INFORME CLIMATOLÓXICO DE
XUÑO DE 2026**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES.....	5
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
4	TEMPERATURA.....	11
4.1.	Temperatura media das mínimas.....	11
4.2.	Temperatura media das máximas.....	12
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010	13
5	PRECIPITACIÓN.....	14
5.1.	Precipitación acumulada mensual	14
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao período 1981-2010	15
6	EVOLUCIÓN DA ANOMALÍA DA TEMPERATURA MEDIA NO PERÍODO 1961-2025	16
7	EVOLUCIÓN DA ANOMALÍA DE PRECIPITACIÓN NO PERÍODO 1961-2025	17
8	DIAGRAMA DE TERMOHIETAS.....	18

Data edición: 02/07/2025

**Mes seco e o segundo máis cálido da serie histórica**

1 INTRODUCCIÓN

Este informe recolle unha descrición climatolóxica do mes de xuño de 2026. Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos contrástanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase **normal climatolóxica** e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste mes de xuño e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlase a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P20$	Moi frío
$P20 \leq T < P40$	Frío
$P40 \leq T \leq P60$	Normal
$P60 < T \leq P80$	Cálido
$P80 < T \leq T_{max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura



Precipitación

Para a variable precipitación (PP), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada neste mes de xuño respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P_{20}$	Moi seco
$P_{20} \leq PP < P_{40}$	Seco
$P_{40} \leq PP \leq P_{60}$	Normal
$P_{60} < PP \leq P_{80}$	Húmido
$P_{80} < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi húmido
$PP > PP_{max} 1981-2010$	Extremadamente húmido

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

As situación anticiclónicas e a chegada de masas de aire moi cálido procedente do sur foron as características principais deste mes. Soamente durante os primeiros días do mes e nun momento puntual xa nos últimos días, puidemos sentir a influencia atlántica. As situación de calor deixaron tamén episodios de tormenta bastante frecuente no interior. Por todo iso, o mes tivo temperaturas moi por riba das que cabería agardar nun mes de xuño e precipitacións irregulares, con moitas zonas por debaixo do que cabería agardar en xuño, pero puntos do interior nos que esta sucesión de días tormentosos deixaba acumulados por riba do valor climatolóxico en xuño.

Así, o mes comezaba cunha xornada de transición logo dun importante episodio de calor acaecido nos últimos días de maio. Foi unha xornada con aumento das nubes e descenso das temperaturas.

Entre os días 2 e 6, Galicia quedaba en situacións intermedias entre as altas e as baixas presións, co achegamento dunha baixa bastante profunda entre os días 5 e 6. Esta situación deixaba ambiente suave, con temperaturas por debaixo do habitual en xuño, nubes e algunhas chuvias na metade oeste. A borrasca que se achegou na tarde do 5 mesmo deixaba un aviso por ventos fortes no oeste da Comunidade.

Pero, a partir do día 7, as altas presións volvían a Galicia, estabilizaban a atmosfera e ían achegando aire cálido desde o sur.

Entre os días 8 e 12, tivemos una situación caracterizada pola estabilidade atmosférica, os ceos despexados e un progresivo ascenso dos termómetros, que, xa o día 12, ocasionaba avisos por temperatura máxima.

Durante os días 13 e 14, o aire cálido persistiu sobre Galicia, pero mesturado con aire frío en altura, o que fixo que tivésemos dúas xornadas con temperaturas moi altas, forte sensación de bochorno e tormentas no interior.

Nas xornadas do 15 e 16, a situación foi algo máis tranquila, aínda con temperaturas elevadas, bochorno e algunhas tormentas no interior. Estas tormentas foron especialmente protagonistas na tarde do 17, cando, no leste de Ourense e no sur de Lugo, chegaban acompañadas de chuvias de intensidade puntualmente torrencial.



A situación anticiclónica continuaba os días 18 e 19, pero xa sen aire frío en altura, polo que as tormentas non foron tan importantes como o día 17.

Nas xornadas entre o 20 e o 23, Galicia viviu un importante episodio de calor. As altas presións, localizadas ao norte, xunto cunha pequena baixa no atlántico, ao oeste da península Ibérica, achegaban aire cálido procedente do norte de África, ocasionando que as temperaturas superasen con facilidade os 35 °C en moitos puntos do interior. Esta situación remataba o día 24 coa entrada de aire atlántico.

A mestura destas dúas masas de aire provocaba novamente a aparición de fenómenos tormentosos, sendo neste caso o máis significativo a aparición de pedrazo de gran tamaño en moitos puntos de Galicia. Esta situación de tormentas, aínda que non tan intensas, continuaban o día 25.

Nas xornadas do 26, 27 e 28, quedabamos, de novo, en situacións máis intermedias entre altas e baixas presións, con temperaturas máis baixas, nubes e mesmo algunhas chuvias febles no oeste durante as mañás do 26 e o 28.

E nas derradeiras dúas xornadas do mes, as características principais foron o anticiclón e o nordés. Isto deixou un importante contraste entre o terzo norte, con máis nubes e menos temperatura, e a metade sur, onde predominaban os ceos despexados e os termómetros se movían por riba dos 30 °C polas tardes.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou superior a 1 mm.



A CORUÑA

	XUÑO 2025 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.1	17.4	20.0 (2023)	14.2 (1972)
Tª mínima media	16.5	14.3	16.9 (2023)	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	11.8/12.3 (día 10)			4.2 (07/06/1936)
Tª mínima máis alta	21.3 (día 13)		20.2 (16/06/2000)	
Tª máxima media	23.7/23.6	20.5	23.2 (2025)	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	35.9/35.7 (día 13)		34.8 (03/06/1980)	
Tª máxima máis baixa	19.5/18.5 (día 9)			13.0 (10/06/1966)
Precipitación acumulada	29	25-45	142 (1935)	1 (2015)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	23 (1997)	1 (2015)

Comentario: Mes **extremadamente cálido** tomando como referencia a media de todas as temperaturas. Ademais, **para as temperaturas máxima e media, é o mes de xuño máis cálido da serie histórica.**

A precipitación rexistrada estivo dentro do rango de valores **normais**, cun número de días de chuvia semellante ao valor climático.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1930-2025, Temperatura: 1930-2025

SANTIAGO

	XUÑO 2025	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.3	17.6	20.2 (2025)	15.5 (2019)
Tª mínima media	14.3	12.6	14.9 (2025)	11.0 (2019)
Tª mínima absoluta	6.9 (día 5)			4.8 (05/06/1984)
Tª mínima máis alta	21.0 (día 23)		19.6 (29/06/2025)	
Tª máxima media	26.4	22.2	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	35.3 (día 13)		36.6 (25/06/2011)	
Tª máxima máis baixa	17.9 (día 3)			11.3 (02/06/1984)
Precipitación acumulada	30	37-57	143 (2009)	6 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	7	7	20 (1997)	1 (1996)

Comentario: Mes **extremadamente cálido** tomando como referencia a media de todas as temperaturas. Ademais, **para as temperaturas máxima e media, é o mes de xuño máis cálido da serie histórica.**

A precipitación rexistrada queda algo por baixo do rango de valores **normais**, resultando un mes **seco** co mesmo número de días de chuvia ca media climática.

* Valores climáticos 1982-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1982-2025, Temperatura: 1982-2025



LUGO

	XUÑO 2025	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.6	16.8	20.7 (2025)	13.4 (1972)
Tª mínima media	13.0	11.0	13.9 (2025)	8.8 (1991)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 5)			0.0 (03/06/1975)
Tª mínima máis alta	19.8 (día 23)		18.5 (29/06/2025)	
Tª máxima media	28.3	22.6	27.6 (1976)	17.9 (1972)
Tª máxima absoluta	37.6 (día 23)		38.1 (29/06/2025)	
Tª máxima máis baixa	18.9 (día 4)			11.0 (02/06/1984)
Precipitación acumulada	53	22-40	169 (2010)	2 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	5	6	16 (1982)	1 (2011)

Comentario: Mes **extremadamente cálido** tomando como referencia a media de todas as temperaturas, sendo, ademais, **o xuño máis cálido da serie histórica para a temperatura máxima**. A precipitación recollida foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes **húmido**, cun número de días de chuvia semellante á media climática.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1967-2025, Temperatura: 1964-2025

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2025	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.0	18.6	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	14.8	13.0	15.5 (2025)	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	8.0 (día 5)			4.6 (05/06/1984)
Tª mínima máis alta	18.7 (día 24)		19.4 (16/06/1981)	
Tª máxima media	25.2	24.1	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	34.7 (día 12)		36.7 (19/06/2003)	
Tª máxima máis baixa	19.1 (día 5)			14.0 (04/06/1963)
Precipitación acumulada	29	39-61	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	15 (2012)	0 (1962)

Comentario: Mes moi cálido para a media da temperatura mínima e cálido para a media da temperatura máxima. En consecuencia, considérase un mes **moi cálido** para a temperatura media. A precipitación rexistrada estivo por baixo do rango de valores normais, resultando un mes **seco** no que o número de días de chuvia estivo preto do valor climático.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1958-2025, Temperatura: 1958-2025



OURENSE

	XUÑO 2025	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	23.6	20.2	23.9 (2025)	16.4 (1977)
Tª mínima media	15.1	12.9	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	6.7 (día 5)			2.4 (03/06/1975)
Tª mínima máis alta	21.6 (día 23)		20.2 (16/06/1981)	
Tª máxima media	32.1	27.5	32.3 (2025)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	39.6 (día 22)		42.9 (29/06/2025)	
Tª máxima máis baixa	23.3 (día 4)			12.6 (03/06/1984)
Precipitación acumulada	8	25-31	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	18 (1997)	0 (2011)

Comentario: Mes moi cálido para a media da temperatura mínima e extremadamente cálido para a media da temperatura máxima. En consecuencia, considérase un mes **moi cálido** para a temperatura media.

A precipitación rexistrada foi moi escasa, resultando un mes **moi seco** con dous días de chuvia.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1972-2025, Temperatura: 1972-2025

4 TEMPERATURA

Os valores medios de temperatura, especialmente os máximos, estiveron moi por riba do que cabería agardar nun mes de xuño normal, debido á frecuente chegada de masas de aire moi cálido desde o sur, sobresaíndo os episodios entre o 11 e o 14 e, sobre todo, entre o 20 e o 24.

4.1. Temperatura media das mínimas

O valor medio da temperatura mínima en territorio galego no mes de xuño, a partir dos valores do mapa da **Figura 1**, foi 13.0 °C. Os rexistros máis baixos movéronse entre 8.7 e 10.6 °C e concéntranse na zona meridional da comarca da Limia, na contorna dos Montes do Testeiro e nas zonas montañosas de Ourense. Pola contra, os valores máis altos, comprendidos entre 14.8 e 16.3 °C, déronse en áreas das rías de Pontevedra e Vigo.




Figura 1: Mapa de temperatura media das mínimas (°C) do mes de xuño de 2026.

4.2. Temperatura media das máximas

O valor medio da temperatura máxima no mes de xuño en Galicia, a partir dos valores do mapa da **Figura 2**, foi 25.8 °C. Os rexistros máis altos, de entre 29.4 e 31.2 °C, atopámoslos, especialmente, na Depresión de Ourense. no val do río Sil na Comarca de Valdeorras e no val do río Támega. Pola contra, os máis baixos, comprendidos entre 20.3 e 21.9 °C, déronse, principalmente, nas Serras Setentrionais, na Costa da Morte e nos cumios máis altos da provincia de Ourense.




Figura 2: Mapa de temperatura media das máximas (°C) do mes de xuño de 2026.

4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

O mapa de anomalías da temperatura media da **Figura 3** presenta valores positivos nas catro provincias galegas, máis acentuados cara ao leste da Comunidade. Segundo os valores do mapa, o valor medio da anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia no mes de xuño foi 3.1 °C. Os valores máis baixos vémoslos no litoral oeste, entre a Costa da Morte e a Ría de Pontevedra, e oscilan entre 1.0 e 1.5 °C. Pola outra banda, as desviacións máis altas móvense entre 4.0 e 4.5 °C e localízanse, principalmente, en puntos montañosos das provincias de Lugo e de Ourense.




Figura 3: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xuño de 2026 respecto ao período 1981-2010.

5 PRECIPITACIÓN

As precipitacións repartíronse de xeito irregular neste mes, xa que apenas tivemos a chegada de fronteas atlánticas e a meirande parte delas tiveron un carácter convectivo, polo que, aínda que nalgúns puntos concretos choveu en exceso, a escaseza de chuvia foi predominante.

5.1. Precipitación acumulada mensual

Segundo os valores do mapa da **Figura 4**, a precipitación media acumulada foi 32 L/m². As cantidades de precipitación máis elevadas acadáronse no interior-oeste da provincia da Coruña e en áreas de serra entre Os Ancares e O Eixe, con valores entre 50 e 80 L/m². Pola contra, a zona con menos auga acumulada atópase nos arredores da Depresión da Limia, onde, localmente, caeron menos de 5 L/m².




Figura 4: Mapa de precipitación acumulada (mm) no mes de xuño de 2026.

5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao período 1981-2010

No mapa da **Figura 5**, represéntase a porcentaxe de precipitación acumulada no mes de xuño en relación cos valores climatolóxicos, tomando o 100 % como referencia da normalidade. A distribución destas porcentaxes amosa un predominio das zonas secas ou moi secas, con poucas zonas que se atopen preto ou por riba da media. A nivel galego, a anomalía media de precipitación situouse nun 42 % por baixo do valor climatolóxico. Así, as porcentaxes máis elevadas rexistráronse na Meseta de Lugo, na Depresión de Lemos e nos vales da Comarca da Valdeorras, con valores máximos arredor dun 20 a 30 % superiores aos habituais. Pola contra, as menores porcentaxes de precipitación, con valores de entre un 80 e un 90 % por debaixo do normal, localizáronse nas proximidades da Depresión da Limia, pero, tamén, en zonas de interior da Mariña Central.




Figura 5: Porcentaxe da precipitación acumulada no mes de xuño de 2026 con respecto aos valores normais do período 1981-2010

6 EVOLUCIÓN DA ANOMALÍA DA TEMPERATURA MEDIA NO PERÍODO 1961-2025

O valor medio da temperatura media en **xuño de 2026** para a serie rexional galega foi **20.4 °C**. Doutra banda, o valor medio da anomalía da temperatura media, obtido a partir do valor medio das anomalías en once estacións meteorolóxicas representativas e representada na **Figura 6**, foi **2.6 °C por riba** do valor normal climatolóxico. **Estes datos converten a xuño de 2026 no segundo mes de xuño máis cálido desde que existen rexistros, por detrás do ano 2025**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cun valor de 14.0 °C para a serie rexional e unha anomalía positiva de 2.0 °C, o mes resulta moi cálido, pasando a ocupar a cuarta posición na serie de datos, mentres que para a media da temperatura máxima, cun valor de 26.7 °C e unha desviación positiva 3.3 °C, o mes considérase o máis cálido da serie histórica.




Figura 6: Evolución da anomalía de temperatura media (°C) en xuño, respecto ao período 1981-2010.

7 EVOLUCIÓN DA ANOMALÍA DE PRECIPITACIÓN NO PERÍODO 1961-2025

O valor medio da precipitación acumulada en xuño de 2026 para a **serie rexional galega** foi **25 L/m²**. Pola súa banda, o valor medio da anomalía de precipitación, obtido a partir do valor medio das anomalías en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas e simbolizada na **Figura 7**, é un **50 % inferior** ao valor normal. Estes datos permiten cualificar o mes de xuño de 2026 como **seco**, case moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco na serie histórica corresponde ao ano 2025.




Figura 7: Evolución da anomalía de precipitación (%) en xuño, respecto ao período 1981-2010.

8 DIAGRAMA DE TERMOHIETAS

Na **Figura 8**, pódese ver o diagrama de termohietas do mes de xuño de 2026. Nel, obsérvase que o mes de xuño foi un dos máis anómalos en canto á temperatura media, xa que cae no extremo máis cálido, por detrás do ano 2025, e anómalo no que respecta á precipitación, con valores lixeiramente por rida do percentil 20 (P20).




Figura 8: Diagrama de termohietas para o mes de xuño de 2026.

Esta información ampliarase no informe mensual que se publicará proximamente.

MeteoGalicia

Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral

Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático